

RESOLUCIÓN REITORAL DO 3 DE FEBREIRO DE 2025 POLA QUE SE PUBLICA A OFERTA DE OBRADOIROS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO SEGUNDO CUADRIMESTRE DO CURSO 2024/2025 NO CAMPUS DE OURENSE

En virtude do disposto na base 8ª da resolución reitoral do 14 de novembro de 2024, pola que se publica a convocatoria de axudas para organizar os obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso 2024/2025, e en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, esta reitoría

RESOLVE:

1. Establecer as condicións de matrícula e desenvolvemento dos obradoiros da Universidade de Vigo para o segundo cuadrimestre do curso 2024/2025 (Anexo I).
2. Ordenar a publicación da oferta de obradoiros derivada do acordo da comisión permanente delegada do Consello de Campus de Ourense do 13 de xaneiro de 2025, pola que se aproban as propostas concedidas. (Anexo II).
3. Ordenar a publicación da oferta de obradoiros organizados pola Vicerreitoría do Campus de Ourense Extensión Universitaria, cuxos gastos serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0UR1 211ECUL 226.06.

O lugar de publicación da presente resolución realízase no taboleiro de anuncios electrónico da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición



interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

O vicerreitor do Campus de Ourense

Francisco Javier Rodríguez Rajo



OFERTA DOS OBRADOIROS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO SEGUNDO CUADRIMESTRE DO CURSO 2024/2025 NO CAMPUS DE OURENSE

ANEXO I

Condições de matrícula nos obradoiros do 2 cuadrimestre do curso 2024-2025 no campus de Ourense

- a) O período de matrícula abrangue do 3 ao 14 de febreiro de 2025
- b) A inscrición nos obradoiros realizarase na plataforma “Campus Activo”: <https://campusactivo.uvigo.gal/>
- c) O importe da matrícula para cada obradoiro será:

Público xeral: 40 euros.

Colectivos A e B da comunidade universitaria: 26 euros

Colectivo C da comunidade universitaria: 32 euros

(A pertenza aos colectivos da Universidade de Vigo pode consultarse no seguinte enlace: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/551>)

- d) Procederá a devolución do prezo da matrícula dos obradoiros, tras solicitude da persoa interesada, cando concorra algunha destas causas:
 - Cancelación do obradoiro ou modificación das datas de celebración, horario ou lugar.
 - Formalización da matrícula unha vez completado o número de prazas do obradoiro.
 - Comezo dunha relación laboral (acreditada co informe vida laboral).
 - Maternidade/Paternidade (acreditada con certificado médico/ certificado filiación).
 - Enfermidade que impida a asistencia ao curso (acreditada con certificado médico).
 - Aboamento dunha cantidade superior ao prezo do obradoiro como consecuencia de erros materiais ou de cálculo non imputables á persoa interesada. Neste caso devolverase a diferenza aboada en exceso.
- e) As solicitudes de devolución deberán presentarse no prazo improrrogable de dez días naturais contados desde a data de inicio do obradoiro, través da mesma plataforma de inscrición “Campus activo”, cumprimentando o campo de número de conta bancaria na que se fará efectiva a devolución e achegando a documentación xustificativa.
- f) O estudantado da Universidade de Vigo poderá validar a realización dos obradoiros por créditos ECTS dentro da categoría de actividades universitarias culturais. O recoñecemento farase a razón de 1 crédito ECTS por cada 30 horas.



ANEXO II

Código	Nome do obradoiro	Lugar	Prazas máx.	Prazas mín.	Duración (horas presenciais + horas traballo individual)	Inicio	Horario
2024/756	Ferramentas artísticas e socioafectivas para a intervención social	Pavillón 1	10	7	35 (32+3)	15/03	Sábados, de 10 a 14 e de 16 a 20 h
2024/757	Introdución ao gravado contemporáneo	Aula de plástica	10	7	30	24/04	Xoves e venres, de 17 a 20 horas
2024/758	Taller de costura sostible	Pavillón 1	14	10	30	24/02	Luns, de 16 a 19 h
2024/759	O proceso de reinserción sociolaboral con persoas privadas de liberdade	Edificio de Ferro	15	10	22 (20+2)	07/03	Venres, de 16 a 19 h
2024/760	Innovación sostible para a valorización de residuos vitivinícolas	Campus Auga	20	14	22 (20+2)	28/03	Venres, de 9 a 14 h
2024/761	Introdución á observación astronómica	Edificio Politécnico	15	10	30	25/03	Martes, de 20 a 1.00 h
2024/762	Danzas do mundo e interculturalidade	Ludoteca	10	7	30 (27+3)	20/02	Xoves, de 17 a 19 h
2024/763	Artellando estratexias terapéuticas con ciencia e arte na xustiza	Edificio de Ferro	10	7	20 (18+2)	03/03	Luns e martes, de 16 a 18 h



ANEXO III

Código	Nome do obradoiro	Lugar	Prazas máx.	Prazas mín.	Duración (Horas Presenciais + Traballo individual)	Inicio	Horario
2024/750	Aula de teatro. Nivel 1, Rosaura	Aula de teatro	15	10	45	20/02	Xoves, de 19 a 22 h (martes e xoves desde 11/03)
2024/751	Aula de teatro. Nivel 2, Cordelia	Aula de teatro	15	10	60	18/02	Martes, de 19 a 22 h (martes e xoves desde 13/03)
2024/752	Aula de teatro. Nivel 3, Maricastaña	Aula de teatro	10	7	105	17/02	Luns e mércores, de 19 a 22,30 h
2024/753	Música tradicional galega: gaita e percusión	Pavillón Estudiantes	10	7	30	20/02	Xoves, de 18,30 a 21,30 h
2024/754	Aula de danza contemporánea: formación	Ludoteca	10	7	30	18/02	Martes e mércores, de 19.30 a 21 h
2024/755	Aula de danza contemporánea: creación escénica	Ludoteca	10	7	20	20/02	Xoves, de 19.15 a 21.15 h

Ao remate do obradoiro entregárase diploma acreditativo (asistencia obrigatoria ao 85% das horas) con recoñecemento de 1 crédito ECTS para as ensinanzas de grado por cada 30 horas.

